

N.º 133

Tomo 12

nós

CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso P. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	8'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 >

Este boletín non publicará mais orixins qu'os que foran directamente solicitados pola Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

VERBAS, por LOIS V. F. PIMENTEL.

NOTAS EN COL DA VILA DE ARZÚA, por Fr. AURELIANO PARDO VILLAR.

EU I-O MEU CORAZÓN, por ANXEL FOLE.

RETORNO Á PAISAXE, por LUIS MANTEIGA.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense

Vicente Risco

Bogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVII ★ Ourense Xaneiro de 1935 ★ Núm. 133

V E R B A S

Por Lois V. F. PIMENTEL

Paxaro, non é nada,
non, non ten azas
«O neno dixo:
—Ollei un paxaro.
E fuxironnos as máns
aos albres.

Unha morea de cristal.
diante do muiño.
A soma mollada da soleira,
debaixo dos albres,
O espazo acceso de verde.
«O neno dixo:
—Enriba canta un merlo.
I-o ár trocouse en flauta.

Pomba: verba
sen prumax, fria.
«O neno dixo:
—Teño unha pomba:
E as máns puxéronse mornas, ocas
fixéronse niños.

Sobor da cibdade
pinga unha fina choiva.
«O neno dixo:
—Iste orballo.
E sobor do noso corazón
comenzou a chover docemente.

Xaneiro, 1935.



NOTAS EN COL DA VILA DE ARZÚA

Por FR. AURELIANO PARDO VILLAR

XEITO DO POBO E DA XENTE

A vila de Arzúa asentada nunha outa planicie, de ar purísimo e lonxanos horizontes, cal raiña dunha bisbarra feiticeira, toda invadida de carballeiras, piñeiraies, soutos de castiñeiro, e outras crases de arboredo, que abeiran os farturentos labramios e as pradeiras vizosas e avantan polas lombas montesias, é un pobo de xeito homildoso, coas suas casñas brancas espalladas coma un bando de pombas arredor das estradas que baixan dende Lugo a Compostela e de Boimorto a Brandeso, cruzando o seu chao de Leste a Oeste e do Norte ao Sur; un pobo que sen decatárese é rexamente democrático; un pobo, en derradeira, tal como compre ás ideias e ancejos de igualdade que arastora latexan por todolos recantos.

Non se atopan nesta vila castelos, nin paços, nin casas brasonadas con escudos da nobreza, inda que abondan na bisbarra duas légoas á redonda; nin percorren as suas ruas señores e señoras de abenza, como non venian de fora. A xente que decote buliga por prazas e ruas, son artesáns de todolos oficios, tendeiros de máis ou menos categoría ou comerciantes si se quer, labregos e gandeiros, agás dos empregados da curia e do concello ou do goberno, e pouco máis de media dúcea de homes de carreira, que abranxeron un tíduo na Universidade ou noutra escola, pra ganaren a vida dun xeito que coidan señorial.

Nin abondan entre os arzuaos os homes abastados que contan os pesos por milleiros no seu bulso. Os mais deles teñen de tra-

llar a cotío nas suas angueiras, pra comer en o pan con honradeza. Porén, se non alcontra na vila moita xente ricás, tampouco se ven pola contra homes e mulieres esfameados arrastrando os osos nus coma esqueletes polos currunchos do pobo; pois se hai proba nalgúns lares, non ten asento neles a miseria que fai decote seu mouro niño noutras vilas da terra de baixo e nos pobos costeiros.

Endebén, se a xente de Arzúa non ten moiado aquel de señorío, conserva en troques unha tradición relixiosa ben fonda, tal que se non atopa outra en ningures. Sin votar moiado por ela pódese decir i-el é ben certo, que dos homes nados na vila non haberá quizais un soio que arrenegue da Eirexa, nin fuxa da misa domingueira, nin se avergonce de ire cortexando aos Santos nas procissións das festas do pobo, nin somelle de se axionllare cunha perna sola pra adourar ao Noso Señor somentes no intre da consagrazón da misa, según adoitan de o facere os doutras vilas qu'eu ben sei, senon que saben cuase todos eles pórse en xionllos coma Deus manda, o máis do tempo que perdura o santo sacrificio, por mor de ouvilo con devoción e reverencia. E se isto fan os homes, non hai pra que decire ren do devoto femenino sei-so. Mais... se non pode mesmamente negare que ruan pol o pobo catro desleigados que non fan conta das creanzas relixiosas que mamaron co leite no berce; pero son xente de achego, coitadiños que viñeron de fora pra viviren dun soldo nos empregos do concello ou do goberno; e como din ali, unha mosca non fai vrao.

Gárdase tamén na vila de Arzúa, más nida que noutrous pobos galegos do mesmo ser, a tradizón dos costumes, das cántigas, e dos bailes da nosa terra. Soan avau polos ars do pobo e da campia os alalás e as tonadas enxebremente galegas; e se non albiscá nel o feito noxento de se agarrar as parellas pra beillaren a muiñeira, *facendo ridículos además*, como diría o noso poeta Labarta (1). Mesmo me dan vascas de noxo cando vexo ás mozas e mozos da miña vila de Moranza beilar e aldraxar deste xeito o noso baile crásico. ¡Desleigados!

CULTURA. TRABALLO. POLÍTICA. CIDADANÍA

Noutrora, cando eu andaba a estudar na escola púbrica de D. Xoan Varela Ponte, a quen Deus perdoe, pouzaba na vila outro mestre filántropo que deprendía *gratis et amore* o latin e as humanidades a cantes rapaces querían adicárese ao estudo dunha carreira; era o boticario D. Andrés Nuñes Casal, home agudo e ben sabido qu'estudara duas carreiras, e chamáballle máis o ensino que a mistura de xaropes pra compôr as meiciñas; despois encarregouse desta cras d'ensino meu rmán maior Eduardo, estudante abofé espilido e de moita sabencia, que adeprendera unha carreira coas millores notas e unha beca a mérito, e andaba a finiar outra de camiño que nos ensinaba a un fato d'estudantes as asinaturas de todolos cursos do Istituto, da Normal, ou dos catro primeiros do Seminario, qu'ele tiña ben sábidas. Após, un creguiño moi bó que se chamaba D. Agustín Pardo Fandiño, deprendía de valde aos estudantes do latin. Agora, do qu'é mal, non hai máis centros d'ensino que as catro escolas dos nenos; e se algúns rapaces queren adeprendere o qué lles compre pra seguiren dispois unha carreira, teñen de se arranxar cun dos escolantes, pra que lles esprique as leciós que millor acán a sua tención.

Por outra banda, se non ven ali socieda-

des de cultura, ou de adivertimento, nem industrias merescentes diste nome, nin grandes obradoiros con molta xente a traballar; e por ende, tampouco hai xuntanzas de obreiros pra perderen o tempo e mailos cartos en folgas e revoltas que lles non trán ren de proveito, e nas que á conta de moitos parviños medran máis de catro lampantís.

A vida do pobo decorre mainamente entre a laboura adoitada dos agros, a cura do gado, o traballar dos oficios, o remexere das tendas, o trafego e mailos choios das feiras que render pan e mantenza pra moitos dos veciños, o bulir dos axentes da curia pra engaiolar aos preiteantes e lles zugar os cartíños, o latricar e o matinar dos persoerios, e dos logreiros, de todolos bandos políticos pra termar dunha política manía e noxenta, que no decorrer de máis de cincoenta longos anos mantivo a iste malfadado pobo mergullado no atraso e na incultura, sen lle precurar endexamais milloras de valimento, nin sequer ter azos pra facere unha légoa inda non ven cumplida de camiño real que moito de falla se vota desde Brandeso a Ponte Sanxusto, pra pór a vila en comunicación direita coas Cruces, Lalín, o Carbaliño, e mail-a cidade d'Ourense, e a bisharra do Ribeiro; unha política, que vai pra cinco ou seis anos que ten parado o relós do pobo por falla dunha presa de cartos pra poñelo a andar, e que olla, bacaceira, como o edifizo do axuntamento vaise convertindo paseifilamente nun *muíño vello*, con vidros e vidreiras feitos cachizas, e cunha cara luxada e negra coma un chamizo. (1)

Os malpocados dos arzuaos, do mesmo xeito que os máis dos vilegos da nosa terra, son mansellos e atúrano todo cunha pacencia que somella abofé coa dos bois xunguidos a turrar do arado, e non teñen folgos pra se arriscaren a desbotar de un pulo o andacio do caciquismo, mal xeral i-endémico que apouvigá e escraviza aos pobos incultos, e chegaron asomade a sere persoas gobernándose de seu e honradamente, cal compre a un pobo ceibe e consciente da sua dini-

(1) Verbas de Enrique Labarta no seu lindo poema *A festa da Patrona de Taboada*, facendo mofa do agarradío, que d'aquela escomenzaban a beillar os mozos do seu pobo.

(1) Teclou estas líñas, chegou deixa máis a boa nova de que in sere un feito a subasta dos tres kilómetros e piques que ficou ainda sen facer na devandita estrada. Embora pra vila de Arzúa se porcima teñen comprimento as avelas de moitos anos.

dade. Non rexurde, endemal, por ningures o guieiro axeitado da loita, que avencellando a todolos homes esgrevios da vila nun cíngulo feixe, poida soerguela i-espertala do sono en que xaz esmorecida, espooreando a milloranza dos cultivos da terra i-a escolma das castas do gado e das árbores froitales, facendo sementeiras e prantios de arboredos nos anacos de monte baldio, e arrequeñando o desenrolo téinico das industrias queixeras e manteigueira, que poideran moi ben encher de cartos as uchas labregas da bisbarra arzuá se os donos delas teimaran de se axeitar aos novos procedementos de fabricazón, según o vellen facendo os labregos doutras terras de alén con tan benditosos éxitos, que abofellas é pra meter a xente en cobiza e bezala a poñer aixiña as mans no cholo.

ARTISTAS DE SONA

Emporiso, inda que se non atopen na vila industrias nen obradoiros que ofrezan intréns, non imos a supor que seña por falla de homes agudos e ben asisados pra calquer estudo ou pra calquera empresa; nin que se non den nela artistas isolados moi xeitosos. Lembrome ben do señor Andrés Vásques, mais coñecido pol-o alcume de *Carragoto* que lle viña do nome da aldea da sua nacencia na freguesia de Cardeiro, un carpinteiriño miúdo do corpo dos meus tempos mozos, que posto a tornear facía milagres no buxo. Ora facía pezas pra os crarineteis, ora gaitas galegas tan feituquías que daba xenio velas e inda más ouvirllas tocar, pois repini caba no punteiro que semellaba un feitizo. A sona do gaiteiro arzuao, despóis de conquerir a nosa terra, avanzou monte adentro das Asturias, onde se crean osos moi feros e unha casta de homes *argalleiros e fachendosos* tal que non hai outro no mundo. O que chegou a esa terra brava e tristeira (xa vai desto moito tempo) contoume un meu compaño asturián da Pola de Somieu, que nas romaxes de aquela toleirona mocedade oaban docemente as gaitas feitas na vila de Arzúa. Eran as gaitas grilleiras saídas das mans enfeitzadas do señor Andrés de Carragoto, que tumén fixo muitas pras Améri-

cas. E, que trómpos de buxo tan repinicados torneaban ele e o seu fillo Xesús pra os rapanes, cando viña o tempo de xogarmos ás quilladas! O Xesús, que herdou o arte e mail-a sona do pai, inda que a sua especialidá e costruir carrozas de automóveles, fai tamén gaitas moi feitizas pra Galicia, Asturias e América, e ten carrego de fornecer delas ón meirande armacén de instrumentos musicais da Cruña. Nunha longa conversa que tiven co-ele no seu obradoiro, amostroume duas que tiña feitas (a prezo de oito pesos, cumpridas de todal-as pezas de madeira de buxo) e dixome que fai tres crás de gaitas, en si bemol pra tocaren senlleiras, en dó pra armonizaren con frautas e crarineteis, e grilleiras que son más pequeñeras i-escrusivas cuasamente do país asturián.

Outro carpinteiro había daquela na vila, que tiña man de santo pra labrare os retablos: era o señor Fernán da Barreira, a quien meu pai por vegadas deprendielle leccións de dibuxo o que andaba a traballar nunha obra da nosa casa, por mor de que il poidera millor se aproveitar da sua abelenzia. Vinlle facer dous retablos grego-románs moi feitizos pra Eirexa de Maroxo, à imitanza do da capela do Pazo dos meus tíos de Vilar de Ferreiros, onde lle fixen compañía namentras él andaba as voltas coas medidas e trazaba nun papelín a pranta do retablo; e despóis labrou outros dous da mesma feitura pra eirexa de Pantónobre.

Do mesmo xeito, fago arastora lembranza do reloxero D. Xosé Taboada Santos que pousaba na aldea de Pregontoño, preto da vila de Arzúa, i escomenzou facendo pol-a sua man o torno e más ferramentas do oficio, e do de armeiro que tamén lle levaba idea. Tabonda de Pregontoño (home abastado qu'ende xamais deixou de vestir o traxe típico do país) traballaba con moito arte, e pódese ollar ainda no obradoiro que ten na vila o seu fillo D. Xosé María, un relós grande de pesas e campaña con todal-as pezas feitas por ele, e unha esfera moi orixinal de nogueira a xeito da celeste, con baixo-relevos do sol, a lúa e as estrelas. Traballou, endemais, na costrucción do relós público do axuntamento de Arzúa. O seu devandito

fillo, moi amante da cultura, a máis de traballare de reloxeiro, fai aparellos de telégrafos *Morse* tan ben rematados que semellan da fábrica, e outras cousas boniteiras que amostran ben as dotes de intelixencia e de arte que lle velen por herdo paterno.

Non lonxe da vila, na freiguesía de Villadavil, moraba daquela un armeiro de moita sona nomeado Fernán Carril Salgueiros, que foi o que fixo peza por peza o relós púbrico do axuntamento de Arzúa, e denantes refixerá o da vila de Melide, cobrando pol-a máquina do primeiro once mil reás na data de 1866, sin facer conta coa torre de ferro que foi costruída en Compostela por Cerqueiro, e a campana de trinta arrobas fundida en Orazo, que fixeron subir o custe de todo a trinta mil reás. O mestre armeiro facía escopetas de tan boa calidade, que os cazadores do país tiñan-as en máis estima que as da fábrica pol-o seu promeo e alcance.

Xenio de artista, e de moi gran artista, tiña tiña tamén o arzuao D. Xesús García Conde, que fai pouco tempo baixou a coba, malogrado pol-as riquezas e a política que o perderon.

Outro arzuao que promete moito, pois é un rapaciño novo, é o caricatureiro Xestus Bendaña, que de algúñ tempo ven traballando arreo no *Ideal Gallego*.

Artista esquisito e cumprido na cántiga e no teclado, profesor e crítico musical coma non vin outro, é o P. Xosé María Sánchez, compaño meu d'escola e fraude da mesma Orde, do qu'é mal, acoradiño decote pol-a doença que malogra os froitos do seu agudo inxenio e da sua amplia cultura musical.

EDIFICIOS: EIREXA, RETABROS, IMAXES, OBRAS :-:

Non eisisten, por outra banda, na capital da Montana edifizos merescentes de acadare as olladas dos homes afeizadoos ao estudio dos moimentos arqueolóxicos. Todo nela é sinxeleza e homildanza, inda que os edifizos do Axuntamento e da Carcere, costruidos nun intre de sana adeministración e boa política nos derradeiros anos do segundo tercio e primeiros do último do século XIX, coma

o das Escolas púbricas de nenos e de nenas, son abondo millores que os de outras vilas más fachendosas.

A eirexa, pequeneira e probe, ten somentes de bó por de fora a sua torre lanzalíña e outa dabondo, fundada na data de 1829 polo mestre de obras de Pantifibre Ramón Santos Verea, que lle dera comenzo en 1820 e cobrou pol-a obra vinteun mil reás, según nota do señor cura D. Ramón Castro Miguez que dinamente rexea a parroquia, e fixera tamén a de San Vicenzo de Burres. As tres campás, fundidas, unha na Quenlla (Sta. María de Arzúa) ano 1823, e as outras duas en S. Pedro de Orazo na data de 1879; senón meirandes, teñen un son tan melosiño e aloumíñeiro que dá xenio escoitalas, o mesmo cando ledas e rebuldeiras repinan un toque de alba ou de gloria, que se doentes chorán pol-os mortos, ou ben medosas tocan a trono ceibando sons que somellan laios tristeiros e agoirentos dunha mala fada. (Cómo cantábamos, arrepiados, os meninos da vila o *Tén-te-te, tro-no, de-ten-te a-hí, que-Dios-man-da, más-que-tí*, a compás do *tín-tin-tin, tán-tan-tan, tún-tún, tún-tún, tún-tún, tún-tún...* das campanas pequena e mediana, pra esconxurar a nube, hastra que se esvafa no aire o son da derradeira batelada!

Dentro do cativo edifizo hai de antigo cinco retabros, e un tró góticu moderno pra imaxe nova da Purísima Concepción. Imos debullar eiqui as poucas novas que podemos arrecadare nos libros das antigas irmandades arquivados na reitoral da parroquia, encol dos altares, as imaxes, e más das obras d'algúñ intrés que se fixeron na eirexa denantes de mediar o século XIX, e algunha que outra de viva voz, dos meus tempos.

Na data de 1706 labrou un retabro pra Capela maior o entallador arzuao Antón González por conta da irmandade do Sacramento; e na data de 1739, sendo cura D. Bieito Antón Varela Taboada, refixo a mesma capela e a sacristia o mestre de obras Pedro Ferreira, engadindo catro coartas más de anchor por amalas bandas ao arco trunfal, erguendo as paredes ata darles a mesma outura que ás da nave da eirexa. Por mor

dista obra tivo de lle dar más altor ao retabro a devandita irmandade, de cuas uchas saeu o más do prezo de todal as obras. O retabro que ten arastora esta capela, adjicado ao Apóstolo Sant Iago, padroeiro da vila, é grego-román e de boa traza.

No decurso do ano 1753 foi edificada a nova sancristía, cuia caixonada fixo depois (en 1831) o mestre Antón Codesido. No 1755 foi costruída a torre antiga dende o arrincamento dos arcos hasta o cume. Cumpridos dous anos desta obra, houbo que facer o arco da fiesta da sancristía, pra seguranza da torre que ameazaba de se esborallare co rompimento do cargadeiro que denantes tiñan da parede. Todas estas obras pagounas de por metade a cofradeiría do Carme.

O retarzo da Nosa Señora do Rosario, grego román e o millor da eirexa, que denantes de 1888 fora da Virxe das Dóres, foi labrado na data de 1779. Pintouno e deulle más altor no ano de 1792 o escultor de Fao, Xosé Erosa, i-entón fixo tamén as imaxes da Nosa Señora das Dóres, San Francisco, Santa Catarina e Santa Bárbara, todas catro de moi boa man, pra pór nele por conta da irmandade das Ánimas, cobrando pol-o seu traballo tres mil cento vintedous reás. Venéransen ainda nas suas couselas do retabro as duas postreiras efixes, pró a do Santo de Asís seica despareceu, e dí a xente que co gallo de a refacere levouna un artista moi soado da nosa terra, o cual certou de refacela e demudala de xeito que non parés a mesma doutrora nin ten comparanza co ela. ¡Vai che boal... A da Virxe das Dóres ten agora altar de seu, grego-román e sinxelino, feito pol-o devandito señor Andrés de Carragoto arredor do ano de 1890, e pintado despois por un artista de Compostela á conta do boticario D. Pastor García Varela. O de San Xosé é barroco, e se denantes valía pouco, dende que derradeiramente foi refeito non val ren. A imaxe nova da Concepción e o seu tró foron labrados no obradoiro do entallador compostelán Santiago Mata, na data do 1907 e do 1918 ó respeutivo, por conta da irmandade das *Filhas de María*, ali establecida desde o día 28 de agosto do ano 1874.

Na data de 1791 contraiou o mestre Basílio Branco por novecentos reás a obra dos

tres arcos de mampostería abertos na parede medianeira da sancristía e da capela maior.

Arredor do ano de 1824 os condanados dos Constitucionais desruiron a torre antiga, sita no muro de cabeceira da sancristía, estragando tamén as campás; i-entón houbo d'erguer a nova torre no fronte do edifizo, e mail a parede da faciana que terma dela, o lembraido mestre Santos Verea. As novas campás fundeunas Xaquín de Caxigal, unha na data susodita, que lle custou tres mil dous centos seis reás a cofradeiría do Carme, e parece sere unha das que pendurou pol o dagora na torre, outra na de 1829 pol-a que pagou trescentos ducados a mesma irmandade, e a terceira ó dun outro ano, que foi axustada en tres mil setecentos oito reás. Outra más grande foi costruída na data de 1850, e debeuna partir un raio, según teño ouvido sendo neno, cando se fixeron as duas de Orazo no satenta e nove.

A CAPELA DO CARME

Ten a eirexa, rente da parede esquerda da nave, a capela do Carme, que se comunica coa elas por un arco románico de pouco altor. Esta capela foi edificada pol as irmandades do Carme e do Crero, na data de 1752, sendo cura D. Xosé Ponte e Lousada, que lle botou a beizón e adicouna ao culto no dia 16 de Xullo, festa padroeira, do ano seguinte. Tiña no fronte un escudo do Carme, debaixo da espadana onde penduraba o sino da irmandade; pero todo isto desapareceu cando se refixo o edificio no deperecer do século XVIII. O retabro, barroco, e mail-a imaxe do Carme, devanteiros da capela, foron pintados na data de 1751 por conta da irmandade. O que se erguía o edifizo, labrábase tamén unha imaxe da Virxe, de vestido, coas suas andias pras procissións; e despóis as efixes de San Alberte Carmelitán e San Franco de Sena, que se puxeron nas suas couselas dentrás das bandas da imaxe da Nosa Señora, e foron pintadas e douradas apóis, no 1759, por conta do cura Ponte Lousada.

Avaronciño mesmo da capela, ergueu a irmandade do Carme a sua sancristía, parella coa da eirexa e feita ensembra coa elas no 1753.

Na data de 1759 engadironlle, ao retabro

as couselas, cos zócalos i-estipites ben pintados e dourados, pras novas imaxes de San Elesbán e Santa Ifixenia, que se cadra viñeron de Sant-Iago, e custaron cento sesenta reás a do santo e cento vinte a da santa, con máis vintecatro do carrexo.

Asemade fuadíronse no Couto de Oines unha campá e unha campaňa, ou esquilón pra servizo da irmandade, que custaron mil e cinquenta reás. O esquilón, qu'estaba detrás da porta da capela, tocábase ainda cando eu era neno, pra chamal-a xente á misa, despois do derradeiro toque da torre, o que se puña o crego no altare nos días santos.

A cruz procesoeira, de sasenta onzas de prata, coa imaxe do Carme no reverso, mercárona os cofrades na data do 1790 por dous mil cento quince reás.

O que chegou o ano 1798, achábase roinosa a capela do Carme, e destones tivo de edificar outra dende os cimentos a irmandade, que encarregou da obra ao mestre carpinteiro Bartolomeu Vieites. Findadal as obras, houbo que refacel-a imaxe das procesións, pagando cento coarenta reás polo arranxo, no 1830; e ó dunoutro ano cobrou o pintor Pedro alonso outros cinco centos por retocal-o retabro.

No decorrer do ano 1834 chegou a vila un fato de soldados, que viñan pra escorrentar as gavelas de fauciosos que, co gallo de loi-tare por D. Calros, traian abraiada a xente da bisbarra coas suas xeiras a cotio abondosas en desmandos e asoballamentos; e por non teren bó acomodo nas casas da veciñanza, acobexáronse os máis deles na eirexa, entramentras non findaba a obra da casa grande da Pastoriza, onde tiveron apôs doado aloxamento. Perante iste acaecimento que somellaba unha profanazón do Templo de Deus, a irmandade do Carme, quezais alporizada, ordeou de trasladar o seu retabro pra dapexada capela da Madanela, encargando da mudanza ao carpinteiro Xoán Sexto. Parés que ainda remaescía alí o retabro na data do 1841, pois tiveron entón os cofrades o seu adoptado cabido anal na devandita capela.

IRMANDADES DOUTRORA

Na eirexa de Arzúa, que garda fondas

lembrazas pra quen estas liñas escribe, pois nela abreú os ollos da i-alma á Ius da divina gracia, e no seu altare maor votou a sua primeira misa nunha festa do Rosario qu'endexamais esquencerá, houbo en tempos seis irmandades pra sosteren o culto di-vino e mail-a piedade cristiá.

A do *Santísmo Sacramento*, que foi establecida no altare maor, sendo cura D. Estebo Goiraldez de Caamaño na data do 1687, e inda tiña folgos na do 1742, sen que saibamos de certo cando finou.

A das *Ánimas*, istitución no altare coladeiral de San Pedro, sendo cura o mesmo don Estebo na data do 1692, que ainda perdura ba polos anos de 1830, pero tivo de morrere moi axiña.

A do *Rosario*, que na data do 1752 achábase esmorecida, e rexurdeu con nova vida na do 1888, instalándose no altare da Virxe das Dóres, que fora da cofradeiría das Animas, e ten arastora vida ben xurdia.

A do *Carme* que inda perdura e vaise ven, tivo comenza na data do 1748 con licencia do xeral da Orde carmelitá frei Diego de San Rafael, sendo cura D. Xosé Ponte Lou-sada, e con altare de seu onde tamén se ve-neraban as imaxes de San Antón Abade e San Antón de Padua, que daquela ficaban sen pintare.

A do *Crero*, en xuntanza coa do Carme, foi istitución na mesma data do 1748, pra obrigas e sufraxios mútuos dos cregos, e depereceu xa ben chegada pra finare a pri-meira metade do século XIX.

A *Terceira Orde do Carme*, fundada na data do 1752 pola cura Ponte Lousada coa licencia do provincial dos Carmelitas frei Xoán Bautista Gallego, e afincada cás-e que escrusivamente na irmandade do Crero.

Coidamos que ha sere dabondo intresante un traballío máis amplio encol destas ir-mandas, e facemos mentes de o tecere coa axuda de Deus, ó que teñamos máis vagar,

MOIMENTOS: MOSTEIRO E CAPELA DA MADANELA

Descontra da capela maor da eirexa parroquial, non máis duns vinte pasos, arren-tes do camiño vello francés de perelinaxe a

Compostela, óllase o senlleiro moimento histórico-artístico que guarda esta vila dentro do seu recinto: é a *Capela da Madanela*, eirexa que foi do antigo mosteiro dos frades agostinos, e moimento cuáseque arroinado do arte románico-oxival, hoxe adicado a outros mesteres ben alleos aos do culto divino, após de habere servido no século derradeiro pra cárcere, matadoiro, alfólio, corte das mulas dos arrieiros, palleira, leñeira, e que sei eu cantas cousas más...

A data da fundazón deste mosteiro vén do século XIV, no intre de 1344 a 1351, que foi cando o arcebispo compostelán Don Pedro otorgou a sua licencia aos frades agostinos de Santa Madanela de Sarria pra poderen edificar outro mosteiro da mesma advocación na vila de Arzúa, ca obriga de acorrer e dare albergamento aos pelengris que ian a Sant Iago. Cativo tiña de sere o edifizo conventual se no grandor emparellaba coa sua eirexa, a que millor lle aquece o nome de capela que levou arreo desque eu acordo.

A comunidade dos frades agostinos de Arzúa ademiteu a reforma, deixando de sere craustral pra se chamare de ouservancia, no pontificado do papa Pio V (1566-1572).

O que mediou o primeiro tercio do século XVII, sendo prior frei Francisco Villagüírez, collleron cara a Compostela os devanditos frades arzuaos, senón todos os más deles, deseixando o seu convento pra instaláronse no vello mosteiro de San Pedro de Afora, abandoado polos monxes bieitos que noutrora tiveran nél acougo, en tempos da reforma de fins do século XV e comenzaos do XVI, e após nunha casa fronteira da ermida de Nosa Señora da Cerca, cando tensionaba de lles doar ista ermida o vigairo xeral da Diócesi frei Fernán de Vera, fraude da mesma Orde agostina e bispo de Buxia, o cual fixolles doazón dela na data do 13 de Agosto de 1617. Ali, preto da Ermida edificaron un convenio de nova primita nos solares que lles deran o Concello e mail o Cabido composteláns. Do mosteiro de Arzúa, que inda tiña por vigairo e prior na data do 15 de febreiro de 1692 ao P. Muiñas da Ribeira, (un dos fundadores da cofradeiría das Animas da mesma vila) e no decorrer do tempo ficou esborrallado, xa se non atopa

ergueita nem soña unha pedra para testemuñar da sua existencia, decindo: *aquí foy*.

Descasi, a capela remaesceu desde entón aberta ao culto, baixo da xurisdición do mosteiro compostelán da Cerca, probabelmente ata que foron desbotados todolos frades dos conventos da He-paña no malfado ano de 1835, pois no 1828 vémola inda mentada coa de *San Salvador* entre as capelas da parroquia de Arzúa, e coadunada ao devandito Mosteiro. E, pol-o quifionciño que lle tocar pode nos eidos do arte, non ten máis de notabre por de fora que unha velida portada románica, i-unha fiestra da mesma orde arquiteutónica na capela maior, con mais a sinxela cruz de pedra sobre do *Agnus Dei* no remate da caixa espadana, cun brazo esnaguizado. Por dentro tense de admirar nela o seu arco trunfal con molduras, de outa e moi lanzal oxiva, e as basas ou arrincamentos da bouta desf gótica i-estrelada, do qué mal xa derrubada, que inda amostran a sua garrideza nos augos devanceiros da capela, tras do arco, e son as pezas senlleiras que poden servir de guiamento pra xulgare da importancia da obra, que sen dúbida tivo de ser feita no século XVI. O altare móbil era todo de pedra ben labrada, do mesmo xeito que as imaxes, e liase nel unha data do ano 1572, según nos dixo o devandito D. Xose M. Taboada, a quien temos de agradecer algúndas das novas debulladas neste artigo.

Á beira da fiestra denantes nomeada sobresai unha laxa de pedra co ista lenda, que que vén a descobrir os nomes dos que fixeron a capela móbil: «ESTA CAPILLA FIZO/ FRAI VERTOLAME DE TAIDE/ I FRAI PEDRO DA SUMOZAS/ I FRAI VERTOLAME LEMA/ DOX CARTAS DE PAN DE REN/ TA PARA SIEMPRE JAMAS/ PARA QUEL PRIOR I FLAIRES/ QVE DELLA FUEREN LE DIJAN II MISAS». (1)

SARTEGOS E PIAS FUN DACIÓN DA CAPELA :-

Nas paredes da nave, lindeiros do arco trunfal, ábreñense outros dous arcos lisos e re-

(1) Neste translado e nos seguintes están desfitas as abreviaturas e as xuntanzas das lettras que se acham na escritura orixinal.

baixados que conteñen dous sarteges con estatua deitada. O da banda do Evanxeo é dun cabaleiro loitador, cun escudo brasónado no fronte do sartego, e máis este bifafe: «AQVI IAZ ALONSO MONIZ/ ESCUDERO SENOR DEL/ PALACIO DE BRATES QVE/ FIZO E EDIFICO ESTA/ CAPILLA I LE DIO E DOIO TO/DO LO QVE EN TUMBO LE QUEDASE ASE7VA».

O sobredito escudeiro Alfonso Monis era veciño da cidade de Compostela, pero adoitaba de morar na vila de Arzúa dentro da sua casa e torre grande dos Azulexos, das que xa non queda nin borralla pra relembranza; e por unha escritura outorgada na data do 5 de Nadal do ano de 1567, e sinada do escribán da mesma vila Francisco Carneiro, fundou na capela nova de San Antón, que xa tiña ele costruída cabo da capela maior pol-a banda do Evanxeo, tres misas por semana, o lñs á honra do devandito Santo, a quinta feira pol-as ánimas do pugatorio, e o sábado en reverencia da Virxe Nosa Señora, cun responso i-auga bieita sobre da sua sepultura e doutras achegadas ao altar da capela, doando cento coarentreas de prata e duas libras de cera en cada un ano pra seguranza do cumprimento desta obriga. (1)

De camiño estableceu o padreádego da nova capela, fundando unha misa cantada con vespuras soleñas na festa de San Antón e dotando o altar de libro mísseiro, candeiros, crocefíxio, vinaxeiras, campañha, un cáliz de prata na sua cór e outro dourado, dous ornamentos un dos días festeiros e outro pra dial, e máis paramentos que mester son pra o arranxamento do altar e o servizo da capela. E por mor de conservare millor o retabro e fornecer de todo paramento seu altare, deixou e pinorou o Pazo de San Pedro de Brantes d'onde el descia co padroado desta parroquia e do seu anexo San Xoán de Mercurín e as duas cargas de pan centeo que por ende lle viñan, i-a devandita sua casa e torre dos Azulexos ensembrá de outros moitos bés.

(1) Garda este documento de fundación no seu arquivo o don Xosé M.^a Taboada, e agás dí se non conserva máis recordo da capela (o meu ver simple altar e retabro) de S. Antón.

O sartego da outra banda é tamén dun cabaleiro armado, cunha lenda que dí ansi: «SEPVLTVRA DEL HONRADO IVAN/ GOIRALDEZ E DE VERTOLOME GOIRALDEZ SCVDERO SV HIIO E DE/ CATALINA GOMEZ SV MVJER SENO/RES DE LA/ CASA DE MAGULAN I SIS».

A casa ou pazo de Magulán, que foi do ducado de Gor, sita na parroquia de San Pedro de Lema, anexo agora da de Santiago de Arzúa e en tempos matris según tradición dos vedraños non vimos pol-o de agora confirmada nos papés, xa fai ben tempo que despareceu. Un señor dela, que pode ser moi ben o sosodito Bartolomeu, edificou a capela maior da igrexa da mesma parroquia, como se ve nunha láixa de pedra que ten de fora esta capela, cun letrero ante dous escudos de armas a pregoar desta guisa; «ESTA CAPILLA HIZO HACER/ EL S BAR-THOLOME GOIRAL/ DEZ ECUDERO PATRON/ DESTA IGLESIA X A. D. M. Q L 1 S.

Compre que denantes de sair da capela votemos unha ollada ás duas piás de auga bieita que deixamos a par da porta d'entrada, moi ben ciceladiñas, e merescentes de atención.

O Concello da vila quiso derrubar ista capela no decurso do ano 1892, co gallo d'achaarse roiosa, teimando de o facer hasta que o Arcebispo de Santiago puxo fin e remate ao preito coa reparazón indispensábel do desleixado edifizo, que doutro xeito tiña de sere presto unha desfeita.

A Capela da Madanela millor estaría adicada ao culto divino, se os arzuaoz tivesen intres en conservar e refacer o único momento histórico-artístico que fica na vila, ben merescentes dunha ollada caridosa das autoridades e dos homes dalgún valimento de Arzúa, pra poñelo de xeito que poida ser visitado polos viaxeiros que fan parada na vila, e pol-a xente forasteira que decote pouxa nela en precura do saude nas tempadas primadeiral e vranceira, pois en ningúres se atopa sitio máis doado e san pra desbotar axiña toda cras de doenzas e sandar en pouco tempo como neste meu querido pobo.

E U I - O M E U C O R A Z Ó N

ELEXÍA, AO XEITO ROMÁNTEGO

Por ANXEL FOLE.

Díxome o meu corazón:

—¿Por qué téimas espertar a miña adormentada doo? ¿Por qué queres furgar na antiga ferida?

Pro eu non ouvía ao meu corazón... Ardia espréndida e serea a noite de maio. E unha tola ilusión nascéume na testa. Sempre o corazón e a testa non fixeron máis que rifar ao longo da miña vida. Entón, quixen revivir o pasado nos seus intres más recendentes, na sua más árdiga plenitude. Qu'o río do tempo recuase ás suas fontes. Que no outono da miña vida frolecese a primaveira, que un vello amor agromase na i-alma.

Foi asím:

Sentín a saudade dunha época ledoenta da miña vida, como unha punxente lediza no fondal da i-alma. Endexamáis atinei a eis presar isas circias emocións —tres ou catro no decorrer dunha vida— en que a más aceda doo se mestura á más fonda lediza! Toda unha época da nosa vida se debroca, súpetamente, na memoria. ¿Sabedes bén o qué iso é? Paresce como si somentes vivísemos pra aquil intre de entranabel emoción. ¡Aquil anaco da nosa vida ennobrécese na lembranza, semellando más feiticeiro qu'a mesma lediza relembrada! O remañente da vida fica arredado, como cousa tristenta, valdeira, murcha; sen quentura, sen luz, nin senso.

Poucas noites ademirei tan belidas como aquila. Todas as cousas semillaban esmoerse no seu mesmo feitizo. Ardia o ceo ancho e profundo, acugulado de estrelas albeigantes, verdecentes e bermellas. Isas latexaban como miudos corazóns; aquilas, de unha albura mesta e fulxente, tremelaban árdigamente, como serafins ó redor do trono de Deus. Había roxas fogueiradas nas encostas dos montes. Dos bosques, callados de pechas somas. Cinxia un vento levián, recendente, que alongaba o seu manselíño rosmido pol-as searas. Iste doce asubío da valga trashumante do vento mesturábase ao canto chá do río que unxiá a noite de relixiosa fervor. Cada senso era, tamén, un río de fermosuras que tivese a sua foz na miña i alma...

Axiña fitei, dende un outeiro, a aldeia nativa. Ardia festa. Os foguetes

esgazaban o ár. Na sua luz gráia levaban a rexouba da festa. Ao guindar o seu abreite no ceo, as somas escomenzaban a danzar desmoentas.

Denantes de entrar na aldeia, gorenseme no cáligo de unha soma.

Relembrei.

Sabela tiña os ollos azúes e sereos, grandes e tristeiros. Aquiles ollos aloumiñaban todal-as cousas e de todas ficaban un pouco lonxanas. Sempre amei isos ollos craros, dondos e limpos que endexamáis cobizan eisixirnos ren e que, en troques, nos perdoan todo. Afnda nas más puras e inxeles ledizas gardan unha nobre e sotil señardade. A cotfo fixen comparanza diles á múseca de Mozart... ¡Nasceron pra ollar e laiárense da door infinda do mundo!

¿E aquila voz tépeda e maina que esgazaba o ár docemente, como arollo de unha pomba?... ¡Aquila voz, aloumiño do senso, lediza do espírito, chave do corazón!

¿E aquil mólido ademán, que abría o seu quente voo esparexendo ao seu redor un arume de i-alma lene e inxel?

¿Qué sería de Sabela? ¿Ficarfa áinda no lugar? ¿Morrerfa? ¿Casarfase?...

Un coro espallou na noite a sua armoniosa cramor. Mozos e mozas entorgaban unha rexoubante canción.

¿Verdade que unha das más fermosas cousas que se poidan gostar na vida é ouvir un coro campesiño nunha tépeda noite de primaveira?... Unha voz baruda creba o silenzo. Axiña lle siguen as voces limpas, aguzadas, das mozas. Logo, xúntanse a elas as voces texas, variles dos mozos. E asím as voces achegadas, agreadas, ecoantes, fan resoar a noite co-a sua ampla cramor... ¡I-unha breixante emoción xurde da i-alma, lenturando o mundo!...

Entrei no lugar. Arrechegueime á sua casa. Albisquei o recadro alumeadoo dunha fiestra. ¡Aquela fiestra era a mesma fiestra nosa! Ollei drento... Unha nena de seis ou sete anos estaba no meio dó ban, manxando unha lambetada. A luz dunha lámpada baifalle na faciana. E... ¡uns ollos azúes, grandes, sereos, na faciana infantil! ¡Eran os mesmos ollos de Sabela!...

Unha bomba de tábregas estoupoume nos miolos.

De contado safn do lugar. O coro seguía a cantar. A musegal ventolada alporiou a flama da miña door.

E na noite silandeira ouvín a voz do meu corazón:

—¿Por qué teimaches espertar a miña adormentada door? ¿Por qué quixeches furgar na antiga ferida?

—¡Cala, meu corazón, vello amigo fraderno, cala!...

Ardía a noite de maio espréndida e serea... A paz de Deus abenzoaba as cousas...



RETORNO Á PAISAXE

CONFERENCIA LEÍDA NO GRUPO DE OURENSE DO PARTIDO GALEGUISTA

Por LUÍS MANTEIGA

Senhoras e señores:

Alguén, non sei moito quén, quizaves eu mesmo, fixo que eu brincase hoxe a esta tribuna onde de cote se fala seriamente de outras cousas, pra que vos fale un pouco das cousas sinxelas de que eu poido falar. Sendo esta a primeira vez que a miña voz se ergue diante de xente que ven a ouvir habédesme de perdoar este acoramento de afogado, que é ao mesmo tempo vergoña e dúbida.

Ollando arredor de min coas máns abertas pra acadar un tema, topeime como sempre dende hai unha longa tempada, rodeado de terras e monte, e cousas vivas, tan irmás miñas, tan docemente quentes, tan iguales a min, que coido que non vos vou a falar mais que de min mesmo. Pro non vos asustedes, inda que así seña, falareivos doadamente de ese eu que está máis aló dos nomes, e das cousas, i-é por tanto meu e voso, de todos e de ninguén.

Hai algún tempo, xa, camiñaba eu pol o mundo moi desacougado, coa i-alma d'abondo enfebrecida por ese anejo impreciso que ás veces nos engule i-é a presenza inda invísible d'unha verdade que vai ser fundamental pro asento da nosa vida vindeira, leito da totalidade que é preciso ter para atoparse antre as cousas e pra que as cousas señañ por si dentro e fora d'un. Era un d'eses intres que non se poden reseñar, agudo como unha door, cando por enriba de todo, e de min, no vidro vivo do ceo brilou esta lenda xa sabida i esquencida por todolos homes e

que pra min foi revelación: na paixaxe está o Todo. E de súpeto decateime de que nos versos osianicos, e nos liricos antigos, e no Byron i en todos os que nas diferentes edades dos homes supofien unha eisaltazón románteca, esto é, un non caber dentro d'un mesmo, un non abondar o propio ser, sintíndose eixe e centro de todo, se atopaba vivo este retorno á natureza, xa se mirara n'ela a man d'un deus, xa se vive pantésticamente un deus en cada cousa, ou un anaco da emoción total. Dende entón, andiven, como unha rosa aberta, a bebel os ventos de todas as cousas, i a ser unha cousa más entre elas. Esto, craro está, a ninguén lle pode intresar, pro é que este camiñar meu entregado ás cousas, foime poñendo nas mans e na i-alma esta outra verdade indubitable, Galicia é, denantes que todo, campo, paisaxe. E como nós somos galegos, e andamos no tremer dunha nova renascenza, eu coido que de este desacougo e luz, dun home isolado, que pode non ser ren pro que é galego, quizaves poida sair, se non un camiño, si un horizonte.

Cando un pobo sinte ese desacougo vital que o fai degoirar por cousas que ten dentro de si, e non atopa no medio en que se move; cando xurde ese pulo dos feitos diferenciaes en que se asentaron sempre as culturas no seu senso mais vivo e individual, é indudable que este pobo ten algo que decir e que faguer. I-eu penso, neste senso amplio e xeral, no que estamos a falar, que é igual na-

cer que rexurdir. E sendo esto así, aquel outo pregoar do Waldo Franck pol-as longas terras de América, pódemos servir doadamente pra nós. Buscádevos, decía o home do norte, somos ainda picaros a nacer, somos ainda todo espranza e anceio, e todal as cousas son sorpresa pra os nosos ollos inxenuos; buscádevos, somentes cando un se conoce ben, sabe o que quer; e somentes cando se sabe o que se ouer, se pode acadar o que se precisa. E ben, nós somos agora tamén picaros a nacer, ou a accordar, picaros con ducias de réculos enriba das costas, pro qué mais ten?, xa dixemos que tanto val non saber como ter esquencido, e temos que buscarnos para saber ben o que somos, e poder saber o que queremos, o que nos é preciso, o que temos que acadar. O ter unha historia, inda que sexa perdida nas brétemas do tempo e do sono, non debe ser nunca un marco, e si un espello, un breviario de lembranzas, un guieiro pra este ollar introspectivo que teimamos faguer.

Dende o alviscar d'esta aurora de renacencia nosa, cecais se andivo un pouco fora dos camiños acertados. Pro esto que ha de ser razón pra modificalos, non pode ser reparo, xa que toda cousa que comenza non fai mais que sinalar os hourizontes coisa ollada cuasi que cega do vidente que se adianta ao que vai vir, e que naturalmente, ten que estar ateigado de erros e de espazos valdeiros. N-aqueña noite orballada de emocións de diada do Sant-Iago, ali na inquietude mística e claustral da praza da Quinta, entre a labarada das verbas acesas do miñin das arengas Aquilino Iglesia Alvariño deixou ouvir a sua verdade de poeta, «Galicia foi, cando tiña nas máns camiños abertos que sulcaban o mundo, e levaban o cerne do seu ser, agora perdérone os camiños e hai que buscalos de novo, si se quer andar: non é camiñando a cegas como se pode chegar ao noso ser e ao ser das cousas, non é andando ás palpadas como se pode ir cara adiante, é tendo camiños firmes, brancos camiños nosos». Ahi tendes como as voces más outras se engaden nun mesmo anceio, a través de todal as diferenças.

Pois bén, de ese valvorto, xustificadamente desmañado do comenzo, van xurdindo as

agullas sutis das ideias xa precisas, e mais logo, os firmes cimentos das obras definitivas. Ollai ben, o tempo e o obrar, van destinando impiadosamente en todal-as laboutras; cecais aquelo que nun intre emocionado semella montaña, non é dempois mais que frangulla, pro todo é preciso, é amontando areas, como se fan os desertos. Un pobo en pe é unha cultura a vivir, e unha cultura aséntase primeiramente nas manifestacións do arte, a mais viva voz da i-alma dos homes. E de todal-as artes, é sin dúbida a primeira, ainda que non seña a que mais per-viva, a arte das verbas, a poesía, a literatura. Ollai ben o curto caudal das nosas obras, e veredes como esas liñas que no comenza non se sabe ren a onde se dirixen, van confluindo lentamente hasta chegar a un vértice que é xa inicio franco e firme do camiño a seguir, e que ao meu ver está trazado xa nun paralelismo, co que se sigueu noutrora, cando nós eran os integramente nós.

Desperdigúemonos un pouco para acercarnos ás cousas. Si me tendes concedido que o meu berro é xusto, que a Galicia é dementes que todo, campo, paisaxe, tamén me concederedes que nós, c'un senso tan desemellante, e que de tal xeito se desprende do que estamos a falar que non fai falla matinar nél, podemos faguer noso aquel berro que se ouveu na Engadina, «Sede fillos da terra»; e concederedesme más ainda, que berrando ou non, querendo ou non, decatándonos ou non, este berro está no cerne do noso ser, i-e él o que informa todo o que é verdadeiramente noso, o que nos chega a nós mesmos, o que nos mergula da i alma. E si esto é así, o que temos que faguer é levalo por diante como bandeira e guia, e definipción.

Imos dar unha volta pol-a terra, meternos un chisco entre as cousas todas, pra supor o que solo se pode percibir na roda do tempo longo, porque non se entrega ningún corazón no primeiro intre, e si no aquecemento da convivencia. Ollai como todo está feito, como a nosa i-alma non lle pode poñer más cousas a eses campos ategados de ser. Ollai como todo é por si mesmo con plenitude de totalidade, como todal-os anceios, e todal-os degüeros, e todal-as ledicias e todal-as esenzas que nós levamos no espírito, están a alen-

tar mansa e soberanamente na plenitude da paisaxe. Ollai como todo ten razón, como non falta ren, como as cousas alentan satisfeitas sin esperar mais. E a pesar d'eso a paisaxe precisa do home, quasi que tanto coma o home precisa d'ela. Non é esa precisión idealista dunha conciencia que percibe, e sin a que a cousa non é, non é que lle faga falla este alento máis outo que só parecemos ter os homes, non é que lle falle un anaco ás cousas, non. Vese ben que a paisaxe seguirá sendo inda que nós pechemos os ollos; que todo o que nós somos, vida, quentura, alento, está xa no cerne de si mesma con fartura sin tasa; que o que podemos ter de anacos da terra é tan miúdo que a sua anulación non rompería a enteireza do conxunto. É algo que non pode verse, algo indefinible, coma o ar pra a rosa, coma a luz pra a i-auga. Non olledes con ollos cegos e cansos de turistas, non olledes con afáns minuciosos de especialista, non, ollai con plenitude abarcando o conxunto, atravesando os corpos, e surprendendo o misterio das somas, e o alento dos rumores; ollai co espírito posto en trance de comprensión e adorazón á vez coma ollades a Deus, só así se pode ver.

Entón toparedes que cada curruncho, cada anaco, cada cousa, ten en si a mesma realidade, a mesma vida que alenta i-enche o Todo. Tanto ten que miredes as terras ermas, coma os montes despídos por todal-as friaxes, coma os vals más quentes, e as riberas más húmedas, todo é o mesmo, todo é un. Eu non sei ben o que serán as outras terras, pra os outros homes, nin o que son no fondo pra min mesmo. Pro sei ben que cando no cerne do meu espírito se ergue o valvorto de un caos, unha tempestade desas en que todo se revolve con saloucos de acabamentos e ameazas de cegueiras ausolutas, cando na conciencia se ergue unha dúbida ou unha negázón d'casas que pechan todal as portas e o afunden a un nunha foca medofla, ninguen fai descer sobre de min o orbalo da tranquilidade, da comprensión, e do aquecemento vivo, que é a espranza, coma unha paisaxe aberta cara as montañas, ou sentada á beira do mar. I-esto que podedes decir que non é mais que enfouzamento subxetivo, suxestión de cousas soñadas, eu

vouno vendo en todolos homes da Galicia, decátense ou non, i-é, pra min a razón, o ser, d'esa cousa esvaída, indefinible e inmortal que chamamos saudade, ou señardá. I-esta craro, ou nós somos todos un pobo de enfeitados que camiña no ar, ou algo ten a paisaxe que rixe a nosa vida, e ainda o alén da nosa vida. Pro enfeitados ou non, nós sentimonos ben co noso ser, e si algo buscamos non é precisamente liberarnos d'el, senón afundirnos mais en nós mesmos, pra atoparnos más quentes, más vivos, más nós. Non, eiqui a terra non afoga nin deixa que o home ande nela perdido, coma unha cousa miuda; eiqui o ceo é unha cousa más da paisaxe, unha cousa que non pecha o home entre dos infindos coma na estepa, ou no mar; eiqui o ceo é unha cousa más da paisaxe; eiqui o home é por si mesmo, i-é de tal xeito, que sentindo a grandeza da totalidade, vendoa diante de si, inmensa, infinda, inasequible, síntea nas mans, igual a si mesmo, quente, integrante e integrada. E hai ainda más, hai este estar a vivir sin repouso, trovándose sempre sin deixar de ser, sentindo-se tan vivo que o infindo no tempo, non terá espazo para todalas formas i-estados que poideran chegar a xurdir deste lume interior que non se esgota nunca. Hai esta fame, insatisfita sempre, de cousas novas, este non abondar nunca o que se ten, este anceio misterioso de outra cousa, desacougo de deuses que sinten, inda que non sepan, que a sua vida é inesgotabel, no tempo i-en si. ¿E non vos decatades do que esto é, ter o infindo nas mans, saber que non haberá fin, que nunca chegará ese estado morto do estatismo, sabendo á vez que non é posible que se realice todo o que é potencia dentro de nós e dentro das cousas, e a arelan porque todo chegue a frolecer, xa que xa sabe que só no Todo está o ser? ¿Sabedes o qué é estar ollando eternamente o infindo en todolos sensos, e tel-o nas mans, e que elas non poidan acadar o que está más aló da longura dos brazos?

Pódese argallar canto se queira, escolas, tendenzias, relixions, partidos, crases, estados, aló no fundo de nós mesmos si queredes más aló da nosa conciencia, si queredes no cerne dela, haberá sempre un diañño

pícaro a rirse das mesmas cousas que nos poñíamos enriba pra trazarnos camiños, pra enfiarnos en doutrínas, porque a nosa doutrina é todo e o noso camiño a rosa dos ventos nun espazo relativista sin infinito no que todo volve a si mesmo. Si ollades atrás veredes que imos acadando as cousas que nos veñen de fora, pro de tal xeito que as fagemos nosas, i-é que temos todo en nós, é que nós somos o todo, e todo nos acae, e todo pode ser noso. E ridevos si queredes do alcume do panteísmo que anda a argallar dende sempre ao derredor da nosa testa como unha ameaza de definição, pro ao faguelo, non esquenzades que o que de verdade se sabe rir, empeza por faguelo de si mesmo; e nós, non saberemos moitas cousas, pro rir, rir detrás dos ollos como se ri cando se morde ca risa, eso sabémolo faguer, e ben. I é así, encerrade o vapor nunha caldeira e será forza, pro non lle abrás a espita e todo brincará esnaquizado porque él naceu pra ser nube i-é ali nas mans invisibles do vento, onde él é prenamente nube, pompa, fantasía, beleza de soño. Nós somos tamén fume, soño, curva, voluta e arquivolta, o sí e o non, movimiento constante na aparente quietude, movimiento centrifugo que sale de si mesmo disparado en total as direcóns e volve ó mesmo centro; río e montaña, ceu e terra, carballo e castiñeiro, si e non. Moitas cousas se teñen pousado enriba de nós, con propósito de moldear a nosa vida, e todas ficaron ao fin moldeadas, por eso nós seguimos sendo nós.

Eu penso que todo o noso onte, esa data longa de séculos integros e diversos, está fondamente informada e feita polo, senso vivo da paisaxe, que é á vez razón e forma de todo obrar humán. Porque eu non vos estou a falar da paisaxe, c'un senso puramente contemplativo. Eu sei que hai moitas xentes que non ollaron nunca un corruncho encantado, que non serían capaces de deixar que o tempo correra sobre d'elos, namentres dabán as suas costas á terra quente, coisa aparente quietude pasiva, que é en verdade fonda laboura do espírito; xentes que din como Sócrates que non van ao campo porque ningunha cosa lles pode enseñar a natureza, e que despois e tamén cecáis como él,

non saben más que o que a mesma natureza lles enseña, que o que as cousas nos están a mormurá nas orellas, nos ollos e na alma, nos intres enfiados de nosa vida toda. Para mim a paisaxe é marco i-espello, é forma e ser, é o eu e o todo, o deus e o home, a cousa e a esenza. Pro cando eu falo do retorno á paisaxe, cando quero que todos nos volvamos a él, impórtame pouco que os ollos scípan ver, con tal de que os espíritos vibren cón ese ritmo íntegro e puro de totalidade, que sal de ahí, do cerne das cousas. As verbas son sempre un pouco ríxidas e non dan en si mesmas os sensos más sutís das ideias, hai que ollar dentro d'elas, como hai que ollar detrás das cousas pra poder comprender ben. Non debedes de esquerer que eu odio furiosamente, si é que eu poido odiar, que o dubido, a esos perfectos fillos de pobo que se chaman amantes do campo e que utilizan o repouso enfeitizado das seráns do vrán, para comer más porcamente que de cote, ou pra uns fins inda menos xustificados, en nome de unha admiración da natureza que endexamais serán capaces de sentir; a ese como a todolos fariseísmos do arte, da relixión, da cencia, da educación, habería que apurrarlle unha manada de cáns doentes. O meu amor á paisaxe, ese retorno á terra, á natureza, ó espírito fino da natureza, que eu pregoo, e sinto, e busco, é mais ben un símbolo, un senso total de comprender a vida, de sentila, de faguela, é unha maneira fina e útil de valorar as cousas pol-o que en realidade son, pol-o que teñen dentro de si mesmas, non pol-o que representan e supoñen con relación a nós, ou ás outras cousas. É un ir amando igualmente a total as cousas miudas e grosas, é irse amando a un mesmo tan soio como a unha cousa más, entre total as cousas, como a un anaco que é da obra magna de Deus infinito que é o todo, e que non troca o seu senso xa seña a natureza en si, e por si, xa seña a obra dunha idea, ou dunha vontade inconscible. Si as cousas más sinxelas que interfieren a nosa vida, ván poñendo nela a sua impronta, non haberá que decir que si a sua vida se asenta nun concepto á vez tan sinxelo, e sempre incomprendible como este do que vos estou a falar, terá un sen-o e un-

ha ourentazón profundamente carauterística, e todo o que saia das nosas máns, ha de ser en certo xeito, somentes noso. E si ademais, queiramos ou non, somos fillos daquel ámbito en que nos movemos dende o comenzo, e as nosas reaicións, están condicionadas pol-o marco en que se desenrolan, e nós temos nascido nunha terra que está a pregoar sempre a pregoar en voz outa e diversa o misterio fondo do seu ser, que é troco constante, sair de si mesmo cara as cousas novas e descoñecidas, ser, en creación sin termo, forzosamente, si queremos ser nós, temos que desbotar todo estatismo e camiñar sin descanso por todolos camiños.

Pro agora anda o mundo a viver unhas horas atoladas de crisis e anguria que non sabemos ben a onde van a levar aos homes, eu coido que a ningures, porque ao fin os homes volverán a ser. Tense chantado no mundo unha civilización puramente de cibdade. A cibdade é pura mecánica, fria rixidez de liñas rectas e cristaes poliédricos, esquemática xeometría sin curva, deshumanizada voráxine, caos de loucuras sin repouso, todo eso no que ten o seu desenrollo a ispida vida da natureza inorgánica, i-é asento natural dos nosos pés de seres humáns, pro que non cabe no aquecemento vivo da nosa alma que é todo, e sempre, vida a tremer, e ancelo sin vieiro.

Eu tiven sempre un ancelo tolo de ter nas máns froles verdes, de ter unha roseira de rosas cárdeas esmeraldas, esas rosas que ninguén tivo, pro non puiden atopalas nunca, non hai froles verdes, ninguén sabe a razón, inda que os homes de cencia dén moitas razóns. Son misterios cos que se atopa un a cada intre; e así é esta causa terrible que chegou a sel-a vida nas máns dos homes, que ninguén sabe por qué, inda que se den milleiros de razóns, se fixo ispida, cruel, inhumán, abafante, ao revés do que a vida é, do que debe ser. Todolos angurias infinitas do home nacen, creio eu, dese inferno medoño que é a cibdade que se empeñou por obra dos mesmos homes descastados, en rillar nas vidas humás, cos seus dentes famentos de dragón sádico, esnaquizando a morna leidicia da vida contradictoria, e cruel e garimosa, tan fondamente humá. E nós que re-

nacemos nesta hora en que todo está a tremer con boqueadas de agonía, nós que renacemos sendo nós, os de onte, os de sempre, temos que fuxir dese falso sorriso da cibdade que é simbolo; temos que emboscarnos nesa nosa concencia fina e calada de homes couzas, que somos, afundirnos nesa riqueza quente da paisaxe na que alapea o noso ser más oto; temos que volver á terra, que é o mesmo que volver a Deus, e ser nós, un pouco isolados, un pouco bárbaros, para ese criterio amaneirado das xentes das cidades, pro ser integralmente, pra nós e pra o todo, con toda a riqueza das nosas esenzas inmortaes, que son as que nos conservaron vivos a través das edades, e dos sonos longos, coma mortes, dos séculos sin verbas. Ser fillos da terra, estar voltos de costas a esa vida falsa e noxenta da cibdade, viver no meio dos campos, non quer decir renunciar a couxa algúnhia, quer decir, limparse de carcomas e miserias; quer decir viver d'acordo coa natureza más fonda do noso ser; quer decir ter unha outa visión dos destíños da humanidade e de nós mesmos; quer decir que cecáis temos en nós, como esenza primeira e alento do noso espírito, o que nun tempo non lonxano será sin dúbidas a salvación, descanso e nova vida, para todolos homes do mundo xa que temos chegado a unha outura tan abafante, tan caótica e antihumá que o home terá que rebelarse contra todas as disciplinas, e marcos, e ateigamentos centíficos e legaes que xurdiron da sua mesma obra. E fartos de si mesmo, e da sua loucura, rachar todo, botar ao mar o que non serve para viver, e volver fondamente á natureza, onde a vida está limpa, en ofreza constante; e si non deixarse morrer no estrondo final dunha loucura sin termo. Cando por enriba do mundo se estende o ecoar dun apocalipsis que os homes non ouven ainda, pro que sinten xa nas suas carnes estremecidas de doores e angurias, acorda en nós a concencia de todolos séculos e florecenos nas máns os primeiros horizontes.

Pra que poidamos aproveitar ben para nós, e pra o mundo esta renacenza, temos que limpárnos ben os ollos, para non trabucar o senso das cousas que están a brotar no cerne da alma. Toda primaveira ten algo

de embebedamento, é o arelar de picaro que quer ser home, e mal guieiro pra os ollos novos. Houbo un tempo en min, en que todolos paraísoos estaban definidos nos artigos dun programa e todo los logros supeditados a un esforzo de vontade, a un querer botal-a man; todo era sinxelo e fácil, o mundo estaba nas máns irresponsables. Hoxe digovos que pouco pode sair de nós, e orballo miudo será a colleita que fagamos si o noso horizonte non ten escondido un novo mundo, si o programa non é mais que un rosario más ou menos longo de realidades políticas si pra berrar a nosa verdade non faguemos más que erguernos no noso fisterra, pretendendo chantar nos límies unha muralla de separacións que encerre somentes o que se pode chamar unha caste, e non unha especie. Eu entendo que o noso xurdir si ben non pode volverse de costas aos feitos políticos e sobre todo sociais que moven a roda do mundo, posto que somos homes, e vivimos no día, e hai arelas inmediatas que non hai razón, nin porqué, para que sefan desbotadas, eu coido que a pesar d'eso, o noso xurdir si ha de ser algo fondo, vivo e trascendente, ha de pensar sobre todo, no que é esenza primordial do home, nas suas arelas sutis, ideaes, no que hai no home de superhome, ou si o preferides, de deus; no que sobarda a vida sinxela dos corpos, i-é en fin de contas razón e ser de todal as cousas que realmente son. Eu coido que a nosa renacenza debe ser fondamente un movemento cultural, no senso más rixido e outo desta verba que se presta, mais que outras, a interpretacións tortas e falsas, pro que todos sabemos como a temos que tomar, cando queremos ser honrados con nosco e cos máis.

Hai un xeito artístico que pol-a sua mañitude, non deixa pervivir a individualidade do creador, é a arquitectura. Todos conoceanos á vez a Cervantes e o Quixote, a Goethe e o Fausto, o cadro e o pintor, pro ninguén sabe más que da catedral e da pirámide, e do castelo, e da capela. Pois ben, dun xeito así ha ser a nosa laboura, temos que traballar un pouco limpos de xustificado egoísmo, pensando só en que a obra xurda e quede ahí, chantada no mundo, xa para sempre, ese sempre relativo, que non saberemos

nunca a onde pode chégar. Eu viñenvos dcindo n'este falar sin senso, sin ritmo, más do que é da conta, pra que seña tolerable, como o retorno á natureza me parece o reencontro co noso verdadeiro ser. E quero vos decir agora, que limpando ben os ollos de to-lolos espellismos que poideran manchar a crara visión que fai falla sostener para non andar a dar tumbos no ar, vixilando este xuicio que por ser intresado poidera facilmente ser falso, penso que entre nós, con tres homes con guións precisos, i-esvaidamente, quasi que sin concencia, como é preciso que seña cando as cousas están a nacer en todos nós, está xa perfilado este novo senso da vida á vez pagán e mítico, que vai a ser, sinon se creba en xuventude, o noso porvir. E non é unha cousa isolada e caprichosa que nasce así como así na libre concencia dun home, sinon que ven dende o primeiro alvor d'esta renacenza, e no fondo ainda, ven da outa realidade dos séculos passados, en que nós éramos totalmente nós, dandonos así, a quasi seguranza de que non andamos descamillados. É ben sabido que a nosa renacenza ven de aqueles tempos de valvorto en que o romanticismo andaba a berrar no mundo a súa verdade enfaramallada e nidia; i é mais, que é o romanticismo o que sabe sempre tornar os ollos á natureza para atopar a sua verdade e lavar nela os ollos cansos de fórmulas e marcos. Pois ben, ei qui non imos faguer nin valoración, nin xuicio do que se leva feito, inda que non searía laboura valdeira a pesar das cousas que xa se teñen dito, e das que se andan a decir, pro a grandes olladas podedes ver xurdir a paisaxe, como símbolo e ser, nas verbas rexas dos precursores, nas verbas cálidas dos románticos, nas verbas más serías e firmes e verdadeiras dos homes de onte, que son inda de hoxe e serán de sempre, pois que son eles os que primeiramente asentan cousas definitivas, para chegar a esa nidia cristalización dos homes de hoxe que xa non son porque morreron denantes de que chegase a hora, pro que deixaron un ronsel estrelecido polo que poideron camiñar estes homes de hoxe que por ser tan mozos son sin dúbidas os homes de mañán por si e pol-a sua obra. Os homes aderredor do que, si todo

sigue o seu camiño de ascensión que se inicia, i-é anceio e degaro de todos nós, moveráse o noso pobo con pulo vitalmente novo, con senso preciso de quente humanidade salvada e ideial.

Vouvos citar tres nomes, pro quero que aos ouvir, pensedes somentes no que teñen de imaxe, da ideia que trato de desenrolar entre vós, e que non tomedes as citas nin como louvanza pros nomes, nin siquera coma crítica das obras, posto que eu non viñen eiquí pra falar de ninguén, e sí de todos e de todo.

Estos nomes son Manoel Colmeiro, Xosé Eiroa, e Aquilino Iglesia Alvariño, un pintor, un escultor e un poeta. Tres xeitos de cantar a terra, tres formas de retornar á paisaxe, tres maneiras de andar á precura do noso espírito, e do espírito das cousas. Denantes do Colmeiro non tiña habido pintura galega; o gris das nosas brétemas, a luz tamizada do noso ceo, a gama quente da nosa paisaxe, esa nosa estremecida maneira de ser e de vivir, andaba pol os campos ofrecéndose aos ollos limpos, sin que ningunha man lle dese forma estática nunha obra de arte pictórica. Denantes de Eiroa, este home que está a loitar coa morte sin que ninguén o abrace, nin seipa d'él, sin que as suas mans ciclópeas poideran amasar a carne dura das pedras, co-ise acariñar de lume da creación, somentes no século XII un home que era Deus, e do que ninguén sabe tampouco, o mestre Mateo, soupo faguer rir a pedra dos nosos montes, pensando neles e nun ceu ideial, e tamén nun inferno igualmente ideial. Denantes do Aquilino, as cousas humildes dos campos e das montañas, as cousas sutís das noites, e dos lúares, e da soledade enfeitizada da paisaxe, e os degaros intíndos da nosa ánima sempre a tremer entre a presenza das couñas, e do todo, non tiña verbas na nosa lingua. Coores e luces, formas e masas, verbas e mûsecas, están faguerdo a nosa i-alma, xa feita nas somas de si mesma, con nidia preci-ion xenial. I-estas realizacións precisas, que sendoas outamente, son somentes rebrilar d'espranzas, preludio de auroras vindeiras, e limieiro do mañán, eu sinto que ten xa unha irradiación xeral, que cecáis non señá outra cousa que o

apontar do anejo descoñecido de todolos homes, como casi que sempre é o nacemento dun arte, que sendo alento de todolos homes, e só nido e preciso na i alma do artista que está por enriba das horas, das cousas, e até dos homes. Eu sinto que este retorno inda impreciso á natureza, e unha tendenza da xeración que pode ser á vez marco e definición d'ela. E como ao mesmo tempo sinto en min me-mo que só ese camiño nos pode salvar das angurias da época tolada e doorida en que nós tocou vivir; que só na natureza poderemos atopar o contraveneno desa intoxición de cibdade da que estamos a morrer, e ao mesmo tempo ainda sinto tamén que n'ese retorno á natureza no seu senso máis requintado é onde nos poderemos atopar co cerne do noso ser; e más ainda, como somentes si as labouras están de acordo pleno coa natureza más íntima e pura dos homes que as realizan poden chegar a ter valor eterno e trascendente, é por esto que eu penso que o primeiro paso fondo pra a nosa salvazón definitiva, é dar voltas por todolos costados a esta cousa viva para depurala do que poida ainda ter de falso ou confuso, i enxergarse logo no corpo dondo d'este obrar, pra que todo adequira a densidade e forteza que nos compre, pra que nela poida descansar o noso degaro, e á vez o noso porvir, esto é todo o que nós somos xa de feito, e ainda en potenza.

Limpade de anécdotas, imperfeccións, i-escuridades todo este andar á roda das cousas, un pouco con ollos cegos e pasos dubidosos, que foi este meu parolar impreciso. Limpade, insistovos, o que haxa de persoal e subxetivo nesta cita de tres nomes pra que vos quede somentes na concencia o fio enmarañado dunha ideia, que poderá ser escura e imprecisa, pro que non xulgo arbitraria. Ollade neses tres nomes, tres fitos innomindados, mellor ainda, un só fito que é xa ao meu ver o núcleo dunha célula viva, que si medra o ritmo do noso desexo, axiña será orgao fundamental. Témolo nas mans, só de nós depende que esto chegue, e a ninguén poderemos culpar do seu fracaso. Como sempre, os profetas traen os camiños nas máns i estendennos diante de nós. Si de verdade queremos ser, si non estamos mortos,

tornemos á paisaxe, mellor, xa que dela non temos saído, vivamos nela, dun xeito total e consciente. O guieiro está trazado. Si é que ainda somos nós, jadiante cara a nós mesmos, cara o infinito!

Por primeira vez e dúnha forma nídea e total, a paisaxe é marco e ser da nosa vida,

por primeira vez a paisaxe é forma de expresión de todas as cousas que son nervio e vida do noso ser como corresponde a un pozo que como Galicia é denantes que todo, campo, paisaxe.

E nada máis.



OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A ARTE POPULAR FLAMENGA E O
MUSEO D'ANTUERPIA (AMBERES)

O movemento folklorista encomenzou nos países walón e flamengo, que constuyen o Reino de Bélxica, pouco mais menos cando o noso. Empreñiciou coas revistas *Volkskunde*, fundada en 1888 por Pol de Mont, e *Ons Volksleven* (a nosa vida popular), de J. B. Vervliet e J. Cornelissen, en 1889.

Publicáronse contos populares (Victor de Neyere), jogos de rapaces (Alphonse de Cock), estudos dialeitales (J. Cornelissen), derecho consuetudinario (Edmond de Bruyn), etc.

O poeta simbolista Max Elskamp, coñecido por todas as antologias e revistas da fin de século, foi o fundador do *Conservatoire de la Tradition populaire*, e mais do Museo d'Antuerpia (Amberes) (1904) que criou co-

as suas coleizós particulares, moi ricas en oujetos d'arte popular, que se foron enquentando dentón, deixa permitir en 1914 unha exposición d'images populares.

O intérés da gente espertouse, e en 1916 houbo unha exposición geral da vida popular, e logo novas exposicións en Deurne, Tumhout e Ghel.

Agora, Victor de Neyere, o editor dos contos populares flamengos, pubricou *L'art populaire flamand*, un libro verdadeiramente bô, e ben presentado; texto col. gráfados e láminas, moitas en coores, comprendendo mobiliar, traballos en coiro, cerámica, vidreiría, escultura, pintura, grabado, bordados encaixes, etc.

E unha obra que honra ao seu autor e ao Museu d'Antuerpia que tan boas cousas soupo ajuntar e salvar.

AS CONFERENCIAS DO GRUPO GALEGISTA D'OURENSE.

Son merecentes de mención as atividades culturais do Grupo Galeguista d'Ourense. Já o ano pasado realizou un interesante curso de conferencias ás qu'invitou non somentes ás persoalidades da agrupación política a que pertenece, senón a confreciantes de diversas significacions que poideran tratar temas comenentes pr'a cultura galega.

No presente curso, de 1934/35, levanse dando aliás seguintes:

Don Ramón Otero Pedrayo, sobre *Orígenes da Galiza contemporánea*.

Don Florentino L. Cuevillas, en col de *O esceario da aparición do home*.

Don Vicente Risco, que tratou de *A Leenda do San Graal*.

Don Aquilino Iglesia Alvariño, sobre *Os camiños dos homes e os camiños de Deus*.

Don Luis Iglesias, sobre *La vida social de las hormigas*.

Don Modesto López Teixeiro, sobre *Ensaio de tipología da poboación galega*.

Don Ramón Otero Pedrayo, en col de *O P. Feixón e o P. Sarmento*.

Don Luis Manteiga, sobre *A volta à paisagem*.

L I B R O S

TRIANGULO ISÓSCELES.—Poemas—por Francisco de Fuentosa—Imp. Torrent. Madrid. 1934.

Xa vai á man que iste simpático librillo—cinco ducias de páxelas limpas, con clarieiras coidadiflas e titadas de números, que

NOS

revelan o esmero namorido do seu ordeamento—está agardando por estas liñas, isolado sobre a miña mesa. O tido arbitrario, descartado pol-o segredo íntimo diste libro, pol-a inxeleza sentimental dos seus poemas, encabrilados, móles, nos que se anda a retocer unha doce paixón de adolescencia—dinos moi pouco e despistanos. E, sobro todo, non lle dá bén a istos poemas. Revelanos, con todo,—sempre acontez o mesmo cos tidoos— a attitude crítica do autor frente á sua obra.

Neste caso, certa desconfianza no próprio valer e un empeño en taparse con xeitos aileos superpóstos. Isto é causa boa nun rapaz que empéza. Sin ese descontento é imposible toda evolución.

Isto é Francisco de Fuentosa. Un poeta auténtico, pol-a limpeza da voz, pol-a gracia das mans e a lédicia dos ollos. Un poeta que leva dentro da sua alma a Galicia do outo río Miño, galán e moceiro, inda que se lle sobreponzan visións de mariñas en terra, estilo Alberti, e camiños de lúas bandoileiras de Lorca, e vefía eisprimida esa esencia étnica, pol-a educación do autor fóra da nosa Terra, no castelán precioso e axustado da *Residencia de Estudiantes*. Deixa, así como así, as fendas precisas para dar folganza ao seu propio ser, que se lle escapa gozosamente. A imaxe en lúa e auga da Ponte de Outeiro tén finura, gracia e quentura de fogar. En novos poemas que prepara, xa vai camiñando do seu reencontro, no que o esperamos, folgadamente esperanzados pol-a grata leitura de *Triángulo isósceles*.

A. I. A.

R E V I S T A S

ALENTO, n.º 5, Santos 1934.

SUMARIO: *Editoriais* (sugestións pra a mocidade galega). *Nacionalismo galego III os objetivos*, por V. Risco. *Valorización políteca da lingua*, por A. das Casas. *Crisis da Democracia?*, por Xoán Brañas. *Da nosa propia contemporaneidade*, por L. Manteiga.

n.º 6, Nadal 1934.

SUMARIO: *Editorial. Conceito e sentimento da Patria nos Evanxeos*, por A. das Casas. *Nacionalismo galego*, por V. Risco. *Os camiños dos homes e os camiños de Deus*, por Aquilino Iglesia Alvariño. *Cousas de bon galego*, por Lois Ulloa. *Crónica de Valenza*, por R. Moroder.

Imp. NÓS. Rúa do Vilar, 15. Santiago

Dr. Amancio Caamaño

SANATORIO QUIRÚRXICO

Pontevedra

axiña aparecerá

Señor

semanario
gallego de
izquierdas

MERQUE VOSTE DE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VENDENSE EN TODOS OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRAVADO

Si quer qu'os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, conveniente envialos aos
Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
SANTIAGO